



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS MATERIAL ESCOLAR (DOG N^o 96 – 20/05/2024)

QUEN PODE SOLICITALAS:

- **Pais/nais/titores/representantes legais/persoa coa que conviva en acollemento/ de alumnado de ESO**, admitido neste centro.
- **Para poder optar ó fondo teñen que devolver os libros adquiridos coas axudas ou prestados do Fondo Solidario do curso 2023-2024.** O prazo máximo para devolvelos será o **21 de XUÑO de 2024.**
- Ser beneficiario/a de libros de texto procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir material escolar **será compatible** con calquera outra axuda para a mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes será **ÚNICA PARA TODOS OS/AS FILLOS/AS ADMITIDOS NO MESMO CENTRO** docente para o curso 2024/25.

Se están admitidos en **centros docentes distintos**, presentarse unha solicitude en **cada un dos centros**.

Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2024/25, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2023/2024.

O PRAZO COMEZA O 21 DE MAIO E REMATA O 21 DE XUÑO DE 2024, ambos inclusive.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) na sede electrónica da Xunta, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes **presencialmente nos centros docentes** ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O alumnado que, unha vez transcorrido o prazo indicado, pase a estar en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia ou se incorpore a un centro docente sostido con fondos públicos procedente de fóra de Galicia ou dun centro situado en Galicia, pero non sostido con fondos públicos, poderá presentar a solicitude no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte á formalización da matrícula.

NON SE PODERÁN PRESENTAR SOLICITUDES DESPOIS DO 31 DE MARZO DE 2025

O **alumnado que repita 4^o de ESO** e aquel que **non** obteña praza en formación profesional básica no curso 2024/2025 e formalice a matrícula no curso de ESO que lle corresponda, cando **non** tivese presentado solicitude de participación no fondo solidario nin de axuda para adquirir material escolar no prazo indicado, poderá presentala no prazo dun (1) mes desde a formalización da matrícula.

ASIGNACIÓN DOS LIBROS NO FONDO SOLIDARIO (PRÉSTAMO) (1^o, 2^o, 3^o e 4^o da ESO)

- Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
- Terá preferencia para esta adxudicación o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da renda.

Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro docente adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir:

- Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: seis (6) libros de texto.
- Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: catro (4) libros de texto.
- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %: seis (6) libros con independencia da renda.

O alumnado que se traslade de centro, deberá devolver o xogo de libros recibido.

SOLICITUDES (A SOLICITUDE É A MESMA PARA O FONDO E AS AXUDAS DE COMPRA DE MATERIAL):

Xunto coa INSTANCIA (anexo I e II) hai que presentar **FOTOCOPIAS** DOS SEGUINTES DOCUMENTOS:

- Fotocopia do libro de familia ou documento equivalente** onde figuren todos os membros computables da unidade familiar.

En caso de **separación ou divorcio**, deberán achegar, **ademais da fotocopia do libro de familia**, a **sentenza xudicial e/ou convenio regulador** onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente, (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando **algún** dos seguintes medios:

- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

- SO NO CASO DE DISCAPACIDADE ≥ 33 %** do alumno/a ou membro familia. Achegará certificado acreditativo do grao de discapacidade, **agás que fose emitido pola Xunta de Galicia**, que **só se presentará se NON autoriza expresamente a súa verificación**.

- SO NO CASO DE VIOLENCIA DE XÉNERO.** Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar.

- SÓ no caso de CURATELA REPRESENTATIVA ou PATRIA POTESTADE PRORROGADA OU REHABILITADA.**

Acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

- SÓ no caso de alumnado en situación de ACOLLEMENTO OU GARDA OU TUTELA da Xunta de Galicia:** copia da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou certificado do centro de menores.

- SÓ no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE:** Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

CONSULTA AUTOMAT. DE DATOS INCLUÍDOS NOS DOCUMENTOS ELABORADOS POLAS ADM. PÚBLICAS:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante/representante e do resto dos membros computables da unidade familiar.
b) Declaración do imposto sobre a renda ou, na falta desta, o certificado tributario de imputacións no exercicio 2022

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada o faga constar na solicitude:

- a) Grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.
b) Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ou superior ao 33 %).
En ambos os casos, a data de referencia é o 31 de decembro de 2022.

No caso de que as persoas interesadas (a persoa solicitante e os membros computables da unidade familiar) se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

CONTÍA DAS AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR NA ESO

Con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros será de 75 €.

Con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € euros será de 60 €.

Ten que ter devoltos os libros que recibiu do Fondo Solidario no 2023-2024. Ten que usarse antes do 10 de abril de 2025.

O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario da axuda de 75 €, para MATERIAL ESCOLAR, con independencia da renda.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR (OS DATOS FAMILIARES SON A 31-12-22 e OS DA RENDA SON DO 2022):

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR:	Suma dos importes do recadro 435 (base imponible xeral) + recadro 460 (base imponible do aforro) (IRPF 2022) de tódolos membros da unidade familiar computables, con ingresos de calquera natureza.
	* N° de membros computables da unidade familiar

No caso de NON presentar declaración: os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT (Ax. Tribut.)(Cert.Imputacións)

Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Membros computables da unidade familiar (a 31/12/2022, salvo sentenzas posteriores sobre a custodia, falecemento dalgún dos proxenitores ou violencia de xénero)

- a) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, de ser o caso, as persoas titoras do alumnado.
b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados, incluídos os tutelados, e acollementos familiares permanentes ou preadoptivos, legalmente constituídos.
c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados cando teñan modificada xudicialmente a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curatela representativa OU suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, mentres non se revise esta medida.
d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.
Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

NON terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, **AGÁS NA CUSTODIA COMPARTIDA**.
b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

FONDO SOLIDARIO: PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS E RECLAMACIÓNS

A relación **provisional** de solicitudes admitidas e excluídas publicarase SOAMENTE no taboleiro de anuncios do centro docente o 12 de xullo de 2024. As persoas interesadas poderán formular **reclamación** no centro os días **15 e 16 de xullo de 2024**.

A relación **definitiva** de solicitudes admitidas e, de ser o caso, a de excluídas, publicarase SOAMENTE no taboleiro de anuncios do centro docente: o 26 de xullo de 2024.

ALUMNADO CUNHA DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 65 % OU CON N.E.A.E.

Ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO en calquera centro sostido con fondos públicos, incluídos os centros E-DIXGAL, cando a **xuízo do centro docente**, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso en que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario, o centro expediralle un vale coa axuda establecida no artigo 2.2.b) (Discapacidade ≥65%: 300 €) ou 2.2.d) (NEAE, depende da renda) desta orde, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o **centro docente determine en cada caso**. O alumnado con N.E.A.E. require un informe do centro que xustifique a necesidade. Os libros ou o material adquirido deberá ser devolto ao centro educativo ao finalizar o curso.